

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 33590 (10/POC-005261)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis
Sobre o balance pola Xunta de Galicia das medidas de bonificación do prezo de venda e adxudicación en dereito de superficie no conxunto de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018
- 1.2 33715 (10/POC-005283)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre a implantación do plan de accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018
- 1.3 36482 (10/POC-005809)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar as molestias ocasionadas ás persoas usuarias polas obras da AP-9 na ponte de Rande, a apertura dalgún expediente e a imposición dalgunha sanción polo Ministerio de Fomento á empresa concesionaria, así como a dispoñibilidade polo Goberno galego de informes referidos á situación da ponte en materia de seguridade ao longo do ano 2018 e as razóns da colocación do resalte de caucho ao inicio dela, en dirección ao Morrazo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
- 1.4 37587 (10/POC-005935)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a aplicación polo Goberno galego na actualidade do plan de erradicación e control da herba da Pampa, en Galicia e, se é o caso, os seus resultados e a remisión aos concellos, en particular á Alcaldía de

Sanxenxo, do folleto da Consellería do Medio Rural con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación, así como o coñecemento da situación do polígono de Nantes, asolagado por esa especie

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

- 1.5 39497 (10/POC-006186)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o apoio público amosado polo Goberno galego a un proxecto deportivo e comercial de carácter privado nas parroquias de Tameiga e Pereiras, no concello de Mos, a xustificación do interese público do uso de terreos de monte comunal para a súa execución e a relación existente entre ese proxecto e a modificación da Lei do solo inserida no Proxecto de lei de acompañamento dos orzamentos de 2019, así como as previsións da Xunta de Galicia respecto da avaliación do seu impacto no tecido comercial da zona

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

- 1.6 40492 (10/POC-006318)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do posible carácter vertebrador como infraestrutura viaria do eixe formado pola estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001, así como a realización dalgunha análise da posibilidade de asumir a súa titularidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018

- 1.7 40972 (10/POC-006391)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre o tipo de traballos levados a cabo recentemente por Augas de Galicia na zona de Viveiro afectada polos asolagamentos, a data e o contido dos informes realizados en relación co estado dos ríos e a posta á disposición do concello por parte da Xunta de Galicia de todos os mecanismos necesarios para coñecer os riscos de desbordamento, así como as súas previsións respecto da achega dos medios precisos para recuperar as zonas da Mariña afectadas polas riadas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

Punto 2. Proposición non de lei

- 2.1 39553 (10/PNC-003179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a convocatoria por parte do Goberno galego da Comisión de

seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, así como a inclusión na orde do día da solicitude de integración presentada polo Concello de Gondomar para o seu tratamento e aprobación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33590(10/POC-005261)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre o balance pola Xunta de Galicia das medidas de
bonificación do prezo de venda e adxudicación en dereito de
superficie no conxunto de Galicia

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 11:32
Nº Rexistro: 33590
Data envío: 18/07/2018 11:32:17.416

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A Xunta de Galicia vén convocando nos últimos anos concursos de Solo Empresarial con bonificacións de entre o 30 % e o 50% do prezo de venda de parcelas nos distintos parques empresariais da súa propiedade, tanto propiedade de Xestur como do IGVS.

Por outra banda, ademais da compravenda das parcelas, a Xunta de Galicia, a través do IGVS e Xestur adxudican solo empresarial en dereito de superficie onde as empresas adxudicatarias pagan un canon anual moi reducido.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no conxunto de Galicia?
2. Cales son os parques empresariais que están a amosar máis dinamismo na venda do solo?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 18/07/2018 11:26:59

Martín Fernández Prado na data 18/07/2018 11:27:06

Jacobo Moreira Ferro na data 18/07/2018 11:27:13

Marta Novoa Iglesias na data 18/07/2018 11:27:24

María Julia Rodríguez Barreira na data 18/07/2018 11:27:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 11:32
Nº Rexistro: 33590
Data envío: 18/07/2018 11:32:17.416

Gonzalo Trenor López na data 18/07/2018 11:27:39

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/07/2018 11:27:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33715(10/POC-005283)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a implantación do plan de accesibilidade dos autobuses
interurbanos ao centro da cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33715
Data envío: 23/07/2018 14:30:54.310

Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia avanzando, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobús, como no impulso das infraestruturas necesarias; continuando coa aposta polo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia; ou con novas iniciativas como o Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña.

Esta última é unha iniciativa da Xunta que permite que os autobuses interurbanos poidan facer paradas no centro da cidade.

O Plan de Accesibilidade iniciou a súa posta en marcha no mes de novembro de 2017 e foise implantando de modo progresivo, en distintas fases, ata verse completado a finais do pasado mes de maio.

Con este plan a Xunta busca fomentar o uso do transporte público e reforzar o papel da cidade como centro de actividade económica, comercial e social, atendendo con el, ademais, unha vella demanda dos veciños da comarca.

Grazas a esta iniciativa os usuarios poden baixar e subir do autobús directamente nas paradas establecidas, sen necesidade de chegar ata a estación de autobuses, o que supón unha importante mellora da súa mobilidade con respecto á situación anterior, na que só podían subir e baixar do transporte público interurbano na estación, situada en Catro Camiños.

É por iso que os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en Comisión**:

- 1.- Como ten sido o proceso de implantación do Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña?
- 2.- Cal é o balance do Plan nos meses que leva en funcionamento?
- 3.- Que valoración fai a Xunta ao respecto?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33715
Data envío: 23/07/2018 14:30:54.310

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 23/07/2018 14:28:04

Jaime Castiñeira Broz na data 23/07/2018 14:28:22

Jacobo Moreira Ferro na data 23/07/2018 14:28:35

Diego Calvo Pouso na data 23/07/2018 14:28:56

Marta Novoa Iglesias na data 23/07/2018 14:29:19

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/07/2018 14:29:34

Gonzalo Trenor López na data 23/07/2018 14:29:50

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/07/2018 14:30:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 36482(10/POC-005809)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar as molestias ocasionadas ás persoas usuarias polas obras da AP-9 na ponte de Rande, a apertura dalgún expediente e a imposición dalgunha sanción polo Ministerio de Fomento á empresa concesionaria, así como a dispoñibilidade polo Goberno galego de informes referidos á situación da ponte en materia de seguridade ao longo do ano 2018 e as razóns da colocación do resalte de caucho ao inicio dela, en dirección ao Morrazo

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

As obras na ponte de Rande seguen sendo actualidade máis de oito meses despois da inauguración oficial na que participaron M. Rajoy como presidente do Estado, o ministro de Fomento, o señor De La Serna, a presidenta da Mesa do Congreso Ana Pastor, o presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijoo, o vicepresidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda ou a conselleira Ethel Vázquez.

Dende ese día numerosos son os usuarios que alertan da intranquilidade que a mesma ofrece en termos de seguridade. Existe ademais certa intranquilidade nos usuarios sobre como se van resolver as posibles incidencias que se poidan dar neses carrís únicos por alcances, avarias, sinistros, sen provocar máis accidentes ou problemáticas.

Por outra banda, as afeccións na Parroquia de Chapela seguen sen estar resoltas, cuestión que tamén nos indica que os gobernos do PP atenden primeiro os intereses das empresas amigas e despois quizais os da cidadanía.

A ponte de Rande da AP-9 ampliouse a tres carrís por sentido para axilizar o tráfico e evitar os atascos que de xeito recorrente se producían nela por accidentes que colapsaban os seus anteriores dous carrís por sentido ou pola elevada afluencia de tráfico procedente de Vigo cara ao Morrazo en días non



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36482
Data envío: 12/09/2018 19:24:38.199



laborables e, especialmente, cando fai bo tempo, máis dende a súa inauguración, os atascos son moi habituais provocando gran malestar entre a cidadanía.

Os usuarios e usuarias da autoestrada AP-9 leváronse unha enorme sorpresa fai poucos días ao entrar en Rande en dirección ao Morrazo. Ao acceder á ponte atopáronse cun inesperado resalte de caucho. Condutores denuncian o perigo que supón a súa instalación, xa que teñen que frear sen agardalo ao entrar na ponte e notan o salto do vehículo nun tramo onde se pode circular a 80 quilómetros por hora.

Polo anterior, presentamos as seguintes Preguntas:

- 1.ª) Que xestións ten feito a Xunta de Galicia para evitar tantas molestias ás usuarias da AP9 que circulan por esta vía?
- 2.ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia da apertura de expedientes a AUDASA por parte de Fomento?
- 3.ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia da aplicación de sancións a AUDASA por parte de Fomento ao longo deste ano?
- 4.ª) Por que non se levantaron as barreiras nin se devolveron os importes das peaxes cando se produciron os atascos?
- 5.ª) Conta a Xunta de Galicia con informes en materia de seguridade sobre a situación da ponte de Rande ao longo deste ano?
- 6.ª) Poden informar do motivo da colocación do resalte de caucho ao inicio da ponte dirección a O Morrazo?

7.ª) Coidan que a colocación deste resalte reúne as condicións de seguridade esixibles?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 12/09/2018 19:22:23

Antón Sánchez García na data 12/09/2018 19:22:31

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 37587(10/POC-005935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a aplicación polo Goberno galego na actualidade do plan de erradicación e control da herba da Pampa, en Galicia e, se é o caso, os seus resultados e a remisión aos concellos, en particular á Alcaldía de Sanxenxo, do folleto da Consellería do Medio Rural con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación, así como o coñecemento da situación do polígono de Nantes, asolagado por esa especie

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 17:57
Nº Rexistro: 37587
Data envío: 25/09/2018 17:57:57.905

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Este Parlamento ten aprobado, por unanimidade e xa en dúas ocasións, a prohibición do uso da cortadera -tamén chamada herba da pampa- e o deseño inmediato dun plan de erradicación e control da mesma en toda Galicia.

Chegou a España como planta de xardín na década dos anos 80 e foise expandindo por toda Galicia. Esta especie exótica procedente da Arxentina é invasora, expándese con facilidade e, cando prende as súas raíces, estas se incrustan na terra de maneira moi profunda. Supón tamén unha grave ameaza para a conservación da biodiversidade. Os científicos advirten de que, canto máis tarde se actúe, maior será o custo para a súa eliminación, xa que a dinámica de crecemento desta especie é moi rápida, e que cortar os plumeiros que ten a planta é só un parche porque volven saír. Medio país anda en guerra cos plumachos, en lugares urbanos, beiras das estradas, desmontes, cultivos abandonados, terreos removidos, espazos forestais periurbanos, zonas de bosques ou plantacións abertas. Tamén en polígonos industriais, tamén no de Nantes, no Concello de Sanxenxo, que se pode describir como “un mar de plumachos”. Polo visto, o folleto con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación da Consellería de Medio Rural aínda non chegou ao actual alcalde.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está a aplicar o Goberno galego o plan de erradicación e control da cortadera en Galicia? Se a resposta fose positiva, cales son os resultados dese plan?
2. Remitiu o Goberno aos concellos de Galicia o folleto da Consellería de Medio Rural con recomendacións prácticas para a prevención, control e eliminación dos plumachos?
3. Remitiuno á Alcaldía de Sanxenxo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 17:57
Nº Rexistro: 37587
Data envío: 25/09/2018 17:57:57.905

4. Sabe o Goberno galego cal é a situación do polígono de Nantes (en Sanxenxo), asolagado de herba da pampa?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2018 17:56:37

Julio Torrado Quintela na data 25/09/2018 17:56:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/09/2018 17:56:48

María Luisa Pierres López na data 25/09/2018 17:56:55

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 39497(10/POC-006186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o apoio público amosado polo Goberno galego a un proxecto deportivo e comercial de carácter privado nas parroquias de Tameiga e Pereiras, no concello de Mos, a xustificación do interese público do uso de terreos de monte comunal para a súa execución e a relación existente entre ese proxecto e a modificación da Lei do solo inserida no Proxecto de lei de acompañamento dos orzamentos de 2019, así como as previsións da Xunta de Galicia respecto da avaliación do seu impacto no tecido comercial da zona

Publicación da iniciativa, 380, 06.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39497
Data envío: 31/10/2018 11:08:49.557

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. O Celta de Vigo, por medio do seu presidente, anunciou o pasado ano 2017 o Proxecto para a construción dunha cidade deportiva e dun macrocentro comercial en Mos, nas parroquias de Pereiras e Tameiga. Trátase dunha actuación que prevé un ámbito de actuación de 864.000 metros cadrados situados en terreos cualificados como solo rústico protexido, polo que o Concello de Mos iniciou a tramitación dunha modificación puntual do PXOM para cambiar a súa cualificación a usos terciarios e dotacionais.

Todo o proceso de anuncio e tramitación deste Proxecto cheira a cacicada e cambalache, xa que primeiro faise o anuncio público, nun acto no que estaban o presidente da Xunta e a Alcaldesa de Mos, asínase un convenio entre o Celta e o Concello, e logo fórzanse os cambios legais necesarios e os informes favorábeis para facelo realidade.

A este respecto cómpre ter en conta que a modificación precisa de Avaliación Ambiental Estratéxica e diversos informes sectoriais favorábeis: ambiental, sanidade, medio rural, patrimonio... Do que se coñece ate o momento parece deducirse que hai unha intención previa de que estes informes sexan positivos, isto é ao menos o que se deriva do apoio ao Proxecto por parte da alcaldesa de Mos e do presidente da Xunta.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39497
Data envío: 31/10/2018 11:08:49.557

Cómpre ter en conta que aproximadamente a metade espazo corresponde a terreos de protección forestal (monte comunal de Tameiga e Pereiras), polo que se pretende impoñer unha modificación do uso para destinalos a usos comerciais lucrativos, declarando a actuación de utilidade pública para que a administración poida realizar as expropiacións e logo “vendelos” a unha empresa privada.

Por se isto non abondase e para mellor garantir a cacicada, o goberno galego ven de introducir na lei de acompañamento unha modificación da lei do solo mediante un novo artigo, 117 bis, que está pensado para facilitar o proxecto promovido polo Celta en Mos, como se pode ver no seguinte parágrafo: *poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.*

Velaquí o texto completo do artigo:

“Artigo 117 bis. Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación

1. A administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das Administracións Públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.

2. Será aplicable a lexislación de contratos do sector público cando a modalidade de xestión do sistema de expropiación elixida supoña a adxudicación de contratos de obras ou de concesión regulados na indicada lexislación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39497
Data envío: 31/10/2018 11:08:49.557

3. Así mesmo, de acordo cos principios de transparencia, publicidade e concorrencia, poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.

Nos concursos públicos que a tal efecto se convoquen poderán presentar ofertas calesquera persoas físicas ou xurídicas, interesadas en asumir a xestión da actuación, incluídos os propietarios que formen parte do correspondente ámbito. A tales efectos, estes deberán ben constituír unha entidade urbanística de xestión, que terá natureza administrativa e duración limitada á da actuación, ou ben constituír unha sociedade mercantil ao efecto.

Os concursos públicos poderán ser convocados unha vez que se aprobe definitivamente o planeamento que conteña a ordenación detallada. A convocatoria deberá publicarse como mínimo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

As bases do concurso determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, debendo terse en conta, en particular, aqueles que produzan un maior beneficio para a colectividade no seu conxunto e favorezan a atracción do investimento e creación de emprego.

As bases do concurso público fixarán os dereitos e as obrigas do beneficiario da expropiación, que actuará ao seu risco e ventura, e que comprenderán en todo caso os deberes de executar a urbanización e efectuar as cesións obrigatorias establecidas nesta lei.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39497
Data envío: 31/10/2018 11:08:49.557

2. Por outra parte, o Proxecto vai ter un forte impacto negativo no monte, nas augas e na contorna tanto pola construción dos equipamentos deportivos e comerciais como pola construción dos accesos desde a autovía A55.

Ademais, o Proxecto de macrocentro comercial vai ter un impacto moi negativo no tecido comercial tradicional de Mos e da contorna: este macrocentro non está xustificado desde o punto de vista socioeconómico nin ten ningunha utilidade pública, só ten interese e utilidade como negocio privado e como fonte de financiamento da cidade deportiva. Ou dito doutro xeito, a cidade deportiva é unha excusa para instalar en terreos de protección forestal unha grande superficie comercial da que van ser beneficiarios os grandes grupos internacionais que se dedican a este tipo de negocios especulativos. A Xunta e o Concello están apoiando e facilitando un enorme pelotazo urbanístico, poñendo os intereses de grandes especulares por riba do interese público, do interese do comercio local, da veciñanza da contorna e dos usos tradicionais ambientais, sociais e produtivos do monte.

Ademais, o Proxecto conta con un forte rexeitamento por parte da veciñanza, tanto no caso da comunidade de montes de Tameiga como das comunidades de augas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Considera o goberno galego que é un procedemento normal amosar o apoio público a un Proxecto privado e de carácter lucrativo como o que promove o Celta en Mos?

-En que medida condiciona este apoio previo a posterior aprobación do Proxecto e a emisión de informes favorábeis?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39497
Data envío: 31/10/2018 11:08:49.557

-Considera a Xunta de Galiza que está xustificado o interese público na utilización de terreos de monte comunal para a construción dun macrocentro comercial en Mos?

-No caso de que se autorizase a modificación do PXOM, non considera o goberno galego que se está facendo un uso perverso das leis para favorecer un Proxecto e un promotor privado?

-Que relación existe entre a modificación da lei do solo a través da lei de acompañamento (artigo 117 bis) e o Proxecto do Celta en Mos?

-Considera o goberno galego que o Proxecto de macrocentro comercial responde ao interese público?

-Ten previsto a Xunta de Galiza avaliar o impacto do Proxecto no tecido comercial da contorna?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39497
Data envío: 31/10/2018 11:08:49.557

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 11:05:30

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 11:05:37

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 11:05:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 11:05:40

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 11:05:41

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 11:05:42

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 40492(10/POC-006318)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do posible
carácter vertebrador como infraestrutura viaria do eixe
formado pola estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001,
así como a realización dalgunha análise da posibilidade de
asumir a súa titularidade

Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A ponte de Catoira une, a través da estrada EP-8001, o concello de Catoira na provincia de Pontevedra co de Rianxo na provincia da Coruña, a través da estrada AC-533.

É unha infraestrutura cuxa titularidade é compartida entre a Deputación da Coruña e a Deputación de Pontevedra.

Ademais ten unha elevada densidade de tráfico posto que conecta a autovía AG-11 coa autoestrada AP-9, actuando como verdadeiro eixe vertebrador entre ambas provincias tanto de tráfico lixeiro como pesado, posto que se evita ter que chegar a Padrón para empregar un ou outro viario (AG-11 ou AP-9) aforrando aproximadamente 27 quilómetros; como consecuencia dese elevado tráfico, tanto as estradas como particularmente a ponte, están a sufrir deterioracións.

Desde a reforma integral da ponte do ano 2004, foron as administracións provinciais as que seguiron realizando o seu mantemento; pese a iso, a día de hoxe, a ponte presenta de novo moitos problemas en distintos aspectos, como o asfalto, as xuntas de dilatación ou na iluminación.

Consideramos que dado que as estradas mencionadas e a ponte de Catoira que as conecta son en realidade unha única vía de conexión interprovincial, a competencia debería ser asumida pola Xunta de Galicia, e como consecuencia o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que o eixo formado pola estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001 ten carácter vertebrador como infraestrutura viaria?

2ª) Ten analizada a Xunta de Galicia a posibilidade de asumir a titularidade da estrada AC-533, da ponte de Catoira e da EP-8001?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:35
Nº Rexistro: 40492
Data envío: 19/11/2018 16:35:15.839

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 14:05:27

María Luisa Pierres López na data 19/11/2018 14:05:35

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 40972(10/POC-006391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre o tipo de traballos levados a cabo recentemente por Augas de Galicia na zona de Viveiro afectada polos asolagamentos, a data e o contido dos informes realizados en relación co estado dos ríos e a posta á disposición do concello por parte da Xunta de Galicia de todos os mecanismos necesarios para coñecer os riscos de desbordamento, así como as súas previsións respecto da achega dos medios precisos para recuperar as zonas da Mariña afectadas polas riadas

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 18:05:16
Nº Rexistro: 40972
Data envío: 27/11/2018 18:05:16.131



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª**

Entre o 18 e o 19 de novembro de 2018 o río Fontecova e o Ponte Labrada desbordáronse en Viveiro, con motivo das intensas choivas, provocando unha tromba de auga que inundou a localidade mariñá. Vivendas, garaxes, vehículos e baixos comerciais víronse afectados e unha muller morreu na súa casa da zona da Xunqueira a consecuencia da riada.

Todo apunta a que a formación dunha presa con árbores e maleza agravou as consecuencias das tormentas, que deixaron sobre Viveiro intensas choivas, sobre todo, entre as nove e as once da noite, acumulándose o domingo un total de 80,7 litros por metro cadrado segundo os rexistros da estación de Penedo do Galo en Viveiro. De feito, a Xunta estima que en 15 minutos caeron 30 litros por metro cadrado.

Logo da riada, foron numerosas as voces –incluída a dunha concelleira do PP de Viveiro, que dimitiu do seu cargo– que alertaron dunha deficiente limpeza da conca do río, o que tería agravado as consecuencias da riada.

De feito, o propio Concello de Viveiro e veciñanza da localidade tiñan requirido a Augas de Galicia a limpeza do río. A Conselleira de Infraestruturas e Vivenda sinalou que en setembro os técnicos da Xunta terían comprobado que na zona “non había obstáculos, senón herbáceas”. Asemade, a Xunta sinala como explicación da riada as choivas extraordinarias.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 18:05:16
Nº Rexistro: 40972
Data envío: 27/11/2018 18:05:16.131



Logo da riada, o Concello de Viveiro acometeu traballos de dragaxe e limpeza da zona, ante risco de novas inundacións.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta á Xunta de Galicia:

- Que tipo de traballos tiña realizado Augas de Galicia recentemente na zona afectada polas inundacións?
- Que sinalaban os informes realizados sobre o estado dos ríos de Viveiro? Cando se realizaron?
- Puxo a Xunta a disposición do Concello de Viveiro todos os mecanismos necesarios para coñecer os riscos de desbordamento dos ríos?
- Vai a Xunta achegar medios para recuperar as zonas afectadas polas riadas na Mariña?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 18:05:16
Nº Rexistro: 40972
Data envío: 27/11/2018 18:05:16.131



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 27/11/2018 18:04:20

Luis Villares Naveira na data 27/11/2018 18:04:28

Antón Sánchez García na data 27/11/2018 18:04:36



CSV REXISTRO-dMZSUGIO-1

Villares

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposición non de lei

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 39553(10/PNC-003179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a convocatoria por parte do Goberno galego da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, así como a inclusión na orde do día da solicitude de integración presentada polo Concello de Gondomar para o seu tratamento e aprobación

Publicación da iniciativa, 380, 06.11.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*. Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais, a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que nas reunións da Comisión de Seguimento do devandito Convenio celebradas en abril de 2017 e maio de 2018 non se incluíu na orde do día a citada petición.

A cláusula 4.3.-*Operatividade* do citado convenio establece que “a comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral”, polo que corresponde convocar unha nova xuntanza no segundo semestre de 2018.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39553
Data envío: 31/10/2018 17:39:01.442

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1.- Convocar, á maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do
“*Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte
metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*”

2.- Incluír na orde do día, para que poida ser tratada e aprobada, a solicitude do
Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a
súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no
importe dos billetes, co conseguinte aforro nos gastos de desprazamento.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39553
Data envío: 31/10/2018 17:39:01.442

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:34:23

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:34:27

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:34:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:34:31

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:34:32

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:34:35